

Mocidade galega en 2012: Paro e emigración



Gabinete técnico Confederal.

MOCIDADE GALEGA EN 2012: PARO E EMIGRACIÓN

Desde o ano 2008, que a crise se instalou en Galicia, case tódolos indicadores macroeconómicas arrojan cifras negativas, pero son os datos do mercado de traballo os que encabezan o ranking. Caeu a actividade económica, pero a caída da ocupación e o medre do desemprego están tendo un comportamento moito máis negativo.

Esta situación afectou a tódolos colectivos, pero a mocidade é sen lugar a dúbidas un dos colectivos máis prexudicados pola crise, o elevado colectivo de mozos e mozas que se atopan en situación de desemprego xunto coa que emigra, son os principais indicadores de como esta situación económica está maltratando a toda unha xeración de poboación, que por outra parte conta cos niveis de formación máis altos da nosa historia.

Son moitos anos predicando sobre a importancia da formación, e moitos fondos, públicos e privados, destinados á mesma en aras de acadar un alto nivel de desenrolo, como país, e mellorar o nivel de vida da poboación. A mocidade galega sumouse a esta onda, e acadáronse uns niveis de preparación moi elevados, pero logo deste gran esforzo o que se atopan e paro, e como solución: emigración.

Chegou un lustro para dar o traste con todo esta “ilusión; van 5 anos desde que o crise se instalou na nosa comunidade, e dende aí, a perda de ocupados foi constante, especialmente para a poboación máis nova, tal como amosan os datos que se reflicten no cadro seguinte:

Poboación ocupada por idade. Datos en miles.

	2012TIII	2011TIII	2010TIII	2009TIII	2008TIII	Variación 12/08	
						Absoluta	%
Total	1.047,70	1.087,00	1.118,70	1.151,10	1.214,50	-166,8	-13,7
De 16 a 19 años	5,6	8,9	11,3	12,3	17,1	-11,5	-67,3
De 20 a 24 años	40,9	51,8	53,2	65,8	83,6	-42,7	-51,1
De 25 a 34 años	250,1	269,2	295,8	313,9	345	-94,9	-27,5
De 35 a 44 años	318,4	319	319,6	326,4	339,8	-21,4	-6,3
De 45 a 54 años	264,8	272,1	275,1	267,5	265,5	-0,7	-0,3
De 55 y más años	167,8	166	163,7	165,2	163,4	4,4	2,7

Fonte: EPA. IGE.

Desde que no ano 2008 comezou a destrución de emprego, ata o terceiro trimestre de 2012 perdéronse en Galicia 166.800 postos de traballo segundo a Enquisa de Poboación Activa; afectou a practicamente tódolos grupos de idade, pero son os máis novos os máis prexudicados, xa que dos 166.800, 149.100 tiñan menos de 35 anos, o 89,4% do total, o dato fala por si mesmo.

Pero esta elevada perda de ocupación non se trasladou totalmente a lista de desempregados , como vemos no cadro que se aporta a continuación.

Parados segundo grupo de idade. Datos en miles.

	2012TIII	2011TIII	2010TIII	2009TIII	2008TIII	Variación 12/08	
	Galicia	Galicia	Galicia	Galicia	Galicia	absoluta	%
Total	264	226,5	195,3	162,2	112,4	151,6	134,9
De 16 a 19 años	6,2	7,2	9,1	8,6	9,7	-3,5	-36,1
De 20 a 24 años	34,2	22,9	25	27,1	18,4	15,8	85,9
De 25 a 34 años	85,1	78,4	62,2	52	33,7	51,4	152,5
De 35 a 44 años	65,9	58,9	49,9	35,4	22,2	43,7	196,8
De 45 a 54 años	48,1	40	32,9	25,2	21,1	27	128,0
De 55 y más años	24,5	19,1	16,2	13,8	7,4	17,1	

Fonte: EPA. IGE.

En termos absolutos, medrou o número de desempregados en 151.600. Esta diferenza entre medre do desemprego e perda de ocupación ten moitas explicacións, entre outras por que parte dos ocupados que deixaron de selo pasan a poboación inactiva vía xubilacións, prexubilacións...., pero esta explicación non serve para os menores de 35 anos, e entre os mesmos aumentou o desemprego en so 63.700; onde está o resto ata 149.100?.

Todo parece indicar, que un grupo destes mozos e mozas, retornaron ó sistema educativo para ampliar unha formación que en moitos casos se vira truncada polas favorables expectativas que ofrecía o mercado de traballo nestes últimos anos, acollendo traballadores sen formación específica e relativamente ben remunerados. Unha vez pasado o boom, sobre todo inmobiliario, atópanse sen traballo e sen formación, polo que algúns optan por retornar ós estudos.

Pero hai un número moi importante da mocidade, cun alto nivel de formación, que tampouco atopan traballo; uns ou outros optan maioritariamente pola emigración, os datos de poboación que se amosan no cadro seguinte son demoledores, e poñen en perigo o futuro de Galicia. Un país, que desde fai anos ven perdendo poboación, cun crecemento vexetativo negativo, non se pode permitir perder 77.164 persoas de entre 15 e 35 anos en tan so 4 anos, isto é un suicidio como país.

Pérdese poboación tan so neses intervalos de idade, (e entre 75 e 79 anos , neste caso probablemente ten que ver con mortes biolóxicas), é dicir en plena incorporación o mercado de traballo; ademais o grupo máis numeroso é o de 25 a 29 anos, entre os que descendeu a poboación en Galicia en 32.691 neste período. Os datos son demoledores.

Poboación segundo idades.¹

¹ Non existen datos anteriores ó ano 2009.

	Ambos sexos				Evolución Porcentual	
	1 de Outubro 2012	1 de Outubro 2011	1 de Outubro 2010	1 de Outubro 2009		
Galicia					12/09	12/11
Total	2.720.243	2.732.501	2.737.878	2.737.074	-16.831	-12.258
0 a 4 años	110.448	110.957	110.703	109.392	1.056	-509
5 a 9 años	109.031	107.593	106.622	104.954	4.077	1.438
10 a 14 años	103.721	103.043	101.967	101.682	2.039	678
15 a 19 años	107.415	110.781	114.127	117.410	-9.995	-3.366
20 a 24 años	127.460	132.962	138.577	144.832	-17.372	-5.502
25 a 29 años	161.269	172.347	183.357	193.960	-32.691	-11.078
30 a 34 años	212.083	220.975	226.854	229.189	-17.106	-8.892
35 a 39 años	227.316	225.281	221.765	218.257	9.059	2.035
40 a 44 años	212.267	210.938	208.993	206.485	5.782	1.329
45 a 49 años	200.991	199.738	198.329	197.006	3.985	1.253
50 a 54 años	192.830	191.069	188.491	184.945	7.885	1.761
55 a 59 años	175.041	172.473	170.408	168.748	6.293	2.568
60 a 64 años	164.434	165.361	165.480	164.804	-370	-927
65 a 69 años	156.288	152.871	147.806	141.852	14.436	3.417
70 a 74 años	126.407	125.990	129.317	135.596	-9.189	417
75 a 79 años	131.541	134.987	136.160	135.031	-3.490	-3.446
80 a 84 años	104.866	101.674	98.666	95.807	9.059	3.192
85 a 89 años	62.037	60.382	58.778	57.118	4.919	1.655
90 a 94 años	26.947	25.582	24.360	23.267	3.680	1.365
95 a 99 años	6.955	6.623	6.311	6.013	942	332
100 y más años	895	874	806	728	167	21
Maiores de 65 anos	615.936	608.983	602.204	595.412		
% sobre poboación	22,6	22,3	22,0	21,8		

Fonte: INE.

Estes datos son moitos máis negativos que os do paro, xa que despois dunha etapa de paro, pode vir unha época de emprego, pero da emigración non queda nada, tan so unha sociedade envellecida e dependente. Esta emigración non ten ningunha similitude coa de épocas anteriores, cando marchaba a poboación menos cualificada, por un tempo determinado, no cal aforraba o máximo posible e enviaba divisas para aquí, o que axudou moito a levantar este país; hoxe non é iso, marcha xente preparada a vivir fora onde atopa unhas condicións laborais moito mellores cas de aquí, e na súa mente non está aforrar e volver a invertir aquí, senón vivir onde os condicións lle permitan desenrolar os seus coñecementos e ter unha vida digna.

Xa que entre os máis novos non so medra o desemprego, senón que tamén descenden os salarios, os datos da axencia tributaria, respecto a asalariados e salarios medios non fan máis que confirmar esta tendencia.

Persoas asalariadas e salario medio por idade. Galicia.

Idade	2010	Asalariados	2011	Asalariados	Diferenza	
	salario medio		Salario medio		Salario medio	Asalariados
menos de 18	4.434	3.083	4.642	2.541	4,7	- 7,6
de 18 a 25	7.692	107.684	7.511	96.758	- 2,4	- 10,1
De 26 a 35	15.319	311.761	15.001	296.143	- 2,1	- 5,0
De 36 a 45	19.527	295.024	19.376	296.913	- 0,8	0,6
De 46 a 55	23.060	225.374	22.848	226.902	- 0,9	0,7
De 56 a 65	24.018	116.630	24.112	119.090	0,4	2,1
Maiores de 65	18.173	8.443	16.415	9.685	- 9,7	14,7
	18.314	1.067.999	18.270	1.048.032	-0,2	-1,9

Fonte: Axencia tributaria. Mercado de trabajo y pensiones , 2010,2011.

Os datos últimos correspóndense ó ano 2011, non existen datos posteriores, pero neles apréciase claramente, o igual que nos datos da EPA, que os máis novos son os máis prexudicados tanto en perda de emprego como en rebaixa de salarios.

No que atinxe ao descenso dos asalariados, son os menores de 35 anos os únicos que perden o emprego durante o ano 2011 segundo a axencia tributaria; no que atinxe ó salario, aínda que hai un descenso practicamente xeralizado sexa cal sexa a idade do traballador, son tamén os novos (cos excepción dos maiores de 56) os que sufriron o maior descenso nos ingresos medios, a pesar de que teñen, de entrada os menores salarios.

Por un lado perden o emprego, por outro descendem os salarios, ben por modificacións nas condicións laborais, ben por porque os novos asalariados que entran a traballar xa o fan en peores condicións que os anteriores; sexa por unha ou outra razón, unha importante da mocidade galega emigra; os que quedan soportan unhas taxas de paro aberrantes; ningún país que se precie pode asistir pasivamente a esta situación.

Taxa de paro.

	2012TIII	2011TIII	2010TIII	2009TIII	2008TIII
Total	20,13	17,25	14,86	12,35	8,47
Menores de 25 años	46,48	33,15	34,60	31,39	21,78
De 25 y más años	18,25	16,07	13,26	10,54	7,04
De 16 a 19 años	52,49	44,88	44,59	41,17	36,06
De 20 a 24 años	45,53	30,62	32,00	29,20	18,02
De 25 a 54 años	19,28	17,09	14,00	11,04	7,50
De 55 y más años	12,74	10,33	8,98	7,73	4,32

Fonte: EPA. IGE.

Como estarían estes datos se tódolos que marcharon ficaran aquí?.